

# Diálogos satíricos nas redes socioculturais da lírica galego-portuguesa



Déborah González  
Universidade de Santiago de Compostela



Ref. REDES LÍRICAS, CNS2022-136047, MICIU - AEI e NextGenerationEU

Redes socioculturais da lírica galego-portuguesa é unha ferramenta dixital accesible desde <https://redesliricas.usc.gal/>.


*Que se pode encontrar?* Contén información biográfica actualizada sobre os autores participantes en debates e diálogos, así como dos implicados nos principais ciclos literarios satíricos. A partir das relacións rexistradas, represéntase graficamente a súa vinculación.

*Evolución do proxecto.* Nunha primeira etapa, a atención centrouse no exame e representación das tenzóns, por constituír un corpus dialóxico fiable e manexable. Isto deu lugar a unha primeira versión da ferramenta dixital en 2023. Actualmente, interesan os diálogos a través de cantigas satíricas e os ciclos literarios satíricos. Isto permite ampliar (con novos autores e textos) a rede de conexións anteriormente contemplada.

## Como navegar...

Desde marzo de 2025, hai tres seccións principais: **REDES**, **AUTORES** e **CICLOS LITERARIOS**. Unha cuarta sección, **EDICIÓN**, está aínda en xestación.

En **REDES** ofrécese o conxunto de ligazóns rexistradas ata o momento. Como se está a proceder por fases, a información está a ser incorporada progresivamente. É posible filtrar por autor, por tipo de relación e por ciclo literario, facer zoom sobre o grafo ou, incluso, descargalo. Dá acceso á páxina de información dun autor clicando sobre o seu nodo.



Ciclo literario:  Tipo de relación:  -- Todas as opcións

**Joan Soarez Coelho**

Información xeral

CATEGORÍA	PERÍODO DE ACTIVIDADE
Trobador	Século XIII (c. 2º terzo)
ORIXE	PERÍODO DE DOCUMENTACIÓN
Portuguesa	1235-1279
CONDICIÓN SOCIOPROFESIONAL	
Cabaleiro	
CORTE LITERARIA	
• Corte de Afonso III	
CICLOS LITERARIOS	
• Ama	
• Lourenço	
CANTIGAS REPRESENTADAS	
• Don Vuitoron, o que vos a vós deu	

Na sección **AUTOR**, pode consultarse o elenco de autores rexistrados e, seleccionando o un nome, obter información detallada sobre o trobador ou xogar en cuestión.

Nesta páxina dedicada ao autor, á dereita, dispóñense datos básicos e unha nota biográfica. Á esquerda, permanecerá ancorado un gráfico do seu círculo social e literario.

Neste, de modo semellante ao de redes xerais, é posible filtrar por tipo de relación, facer zoom, consultar información sobre a ligazón, e "saltar" á páxina dedicada a algún outro autor clicando sobre o seu nodo.

Finalmente, na sección correspondente a **CICLOS LITERARIOS** está a incluírse información sobre os principais ciclos de cantigas satíricas, rexistrando novas relacións e incorporando novos datos relativos a autores e personaxes implicados nestes.

REDES AUTORES CICLOS LITERARIOS EDICIÓN + BIBLIOGRAFÍA PROXECTO

Ciclos literarios

A	B	C	D	E	F
G	J	L	M	N	O
P	R	S	V		

Ama

Información xeral

CRONOLOGÍA

Década 1240